

ANUNCIO**ÓRGANO: PLENO****DATA: 30/11/2022****Datos do Expediente:**

Nº Expediente:	2022/G016/000003
Data:	30 de novembro de 2022
Obxecto:	Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles (IBI)

Á vista do acordado polos tres grupos políticos á instancia da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG -PSOE para establecer bonificacións no IBI para incentivar o autoconsumo solar fotovoltaico no concello

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), engadindo no artigo 14 relativo ás bonificacións, un novo apartado:

14.9.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os inmobles de uso residencial, que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol para autoconsumo, durante os tres anos seguintes á data de instalación sempre que se acredite a concesión de licenza municipal ou a tramitación da declaración responsable ou comunicación previa, e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que os sistemas de aproveitamento térmico instalados cumpran os requisitos mínimos esixidos en canto ás dimensións e rendemento da instalación establecidos no documento básico de aforro de enerxía previsto no código técnico da edificación.
- Que as instalacións para produción de calor dispoñan de colectores homologados pola administración competente.
- Que o/a titular do inmovle estea empadroado/a no Concello de Vedra

Os solicitantes da bonificación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos mediante a presentación da seguinte documentación:

- Proxecto ou memoria técnica.
- Certificado de montaxe, no seu caso, e certificado de instalación dilixenciados polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma.
- Especificacións técnicas dos sistemas autorizados.
- Acreditación da concesión de licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía.

e) Certificado final de obras, no seu caso.

f) Certificado de empadramento

Esta bonificación debe ser solicitada polo suxeito pasivo e, con carácter xeral, o efecto da súa concesión comezará a partir do exercicio seguinte ao da solicitude. Cando a bonificación se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de devengo do imposto concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de modificación mediante anuncio no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas

Así mesmo estará á súa disposición na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

TERCEIRO.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo e remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de 15 días dende a aprobación, copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra da ordenanza

Vedra, 01 de decembro de 2022
(Documento asinado dixitalmente)